

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 1 de outubro de 2024 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional de médico de empresa en virtude de probas selectivas convocadas pola Resolución do 6 de setembro de 2023.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución do 6 de setembro de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* do 15 de setembro) para cubrir con persoal laboral fixo unha praza da categoría profesional de médico de empresa, unha vez comprobado que a persoa seleccionada reúne os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo na categoría profesional de médico de empresa a persoa que superou o proceso selectivo e que se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. A persoa seleccionada formalizará o seu contrato ante o Servizo de Xestión de Persoal no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que a persoa aspirante se atope en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, en que se poderá asinar o contrato durante esta situación.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá inter-

CVE-DOG: 8ljgd121-ky24-azc8-qqt9-s61u8jqt9k0



poñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2024

Antonio López Díaz
Reitor

ANEXO

Número de orde	DNI	Apelidos e nome
1	***4001**	Álvarez Pardiñas, M ^a del Carmen

CVE-DOG: 8ljgd121-ky24-azc8-qqt9-s61u8jqp9k0

